



Bernardo Traseira Rois foi o gañador do Campionato Provincial de Lugo de Caza Menor con Can

O pasado día 24 de outubro celebrábase no Tecor Terra Cha, no Concello de Pastoriza, o Campionato Provincial de Lugo de Caza Menor con Can, organizado pola Federación Galega de Caza en Lugo en colaboración coa Sociedade de Cazadores da Terra Cha.



A proba, que comezaba as 9.00h da mañá, contaba cun total de 19 participantes que representaban a outras tantas Sociedades de Caza. Rematada a proba as 14.00h, foi o cazador Bernardo Traseira Rois quen, ao capturar tres perdices, se alzaba co Campionato Provincial, cun total de 1530 puntos. O segundo clasificado foi Andrés Pena Vázquez, que capturaba dúas perdices e polo tanto acadaba 1020 puntos. Alonso López Fernández era o terceiro clasificado da competición, ao rematar a proba capturando tamén 2 perdices e polo tanto con 1020 puntos.

CLASIFICACIÓN			
Pos	Cazador	CAPTURAS	Puntos
1º	Bernardo Traseira Rois	3 perdices	1530
2º	Andrés Pena Vázquez	2 perdices	1020
3º	Alonso López Fernández	2 perdices	1020
4º	Cristian Fernández Abuín	1 perdiz, 2 agachas	910
5º	Antonio González Álvarez	3 agachas	600

Os seguintes cazadores clasifícanse para o Campionato Galego da modalidade: Bernardo Traseira Rois, Andrés Pena Vázquez, Alonso López Fernández, Cristian Fernández Abuín e Francisco Javier López Salvador.

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com